

XUNTA DIRECTIVA
GALP RÍA DE PONTEVEDRA

DEVOLUCIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE 24 DE NOVIEMBRE DE 2021 REALIZADA POLO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DA ORDE DE 3 DE AGOSTO DE 2021

A xunta directiva do GALP Ría de Pontevedra elevou o 25/11/2021 a súa proposta definitiva de concesión de axudas de acordo co establecido no artigo 24 da Orde de bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro das EDLP aprobadas aos GALP para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do FEMP unha vez modificada a proposta de 15/11/2021 que lle fora devolta para a revisión e emenda.

Unha vez recibida procedeuse a súa revisión advertíndose o seguinte:

1.- En relación aos criterios utilizados para a priorización:

De acordo coa certificación de acordos das xuntas directivas de 6/11/2021 e 24/11/2021 son os seguintes:

Acordo da xunta directiva de 6/11/2021 (proposta provisional)

A Xunta Directiva acordou propoñer tamén a aprobación do expediente GALP 6 – 196 co importe remanente de fondos no obxectivo estratéxico 1. Co obxecto de determinar a prioridade entre os diferentes eixes e descontar a sobre-execución do obxectivo estratéxico 2 acordouse aplicar o criterio de puntuación decrecente dos proxectos incluídos nesta resolución considerando tamén este expediente.

Acordo da xunta directiva de 24/11/2021 (proposta definitiva)

Os proxectos foron priorizados en cada obxectivo estratéxico en orde decrecente de puntuación considerando conxuntamente os proxectos produtivos e non produtivos. Esta orde de prelación estendeuse tamén a selección dos proxectos que puideran verse afectados polo límite de execución da estratexia, ao entenderse como un criterio máis obxectivo, quedando a selección segundo se mostra na Táboa 1.



Os criterios utilizados difiren dos utilizados na proposta da convocatoria anterior de 22/06/2021 realizada ao abeiro da orde de 21 de decembro de 2018 e na que, segundo consta no certificado achegado, utilizáronse os seguintes:

Priorizar os proxectos non produtivos fronte aos produtivos por que nos primeiros a execución é moi inferior a estimada na EDLP a igualdade de puntuación e manter como criterio de priorización a puntuación obtida polos proxectos tamén neste caso.

En caso de ter que aplicar a redución do importe sobreexecutado no obxectivo estratéxico 2 de algún dos outros eixes, aplicalo sobre o Obxectivo estratéxico 4.

O Regulamento 1303/2013 do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, establece no punto 3 do : Artigo 34 que entre as **tarefas dos grupos de acción locais** estarán as seguintes:

...

*b) deseñar un **procedemento non discriminatorio e transparente de selección e criterios obxectivos de selección das operacións** que eviten conflitos de intereses, garantan que polo menos o 50 % dos votos nas decisións de selección proveñan de socios que non sexan autoridades públicas, e permitan efectuar a selección por procedemento escrito;*

...

Por outra banda, de acordo co establecido na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia (en diante LSG) é unha obrigas da entidade colaboradora entregar os fondos de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O artigo 19 da LSG relativo ao procedemento de concesión establece que no caso da consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza a través da comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración **previamente fixados** nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior



valoración en aplicación dos citados criterios. **Criterios que segundo o artigo 14 establece que deben ser obxectivos e de ser o caso deben estar ponderados.**

Por último, a Orde de 3 de agosto que establece as bases reguladoras da convocatoria establece no punto 1 do artigo 24 que:

*A Xunta Directiva dos GALP seleccionará os proxectos que considere prioritarios para a execución da súa EDLP, **de conformidade cos criterios establecidos nesta** e realizará a proposta de resolución definitiva, que elevará á Consellería do Mar no prazo máximo dun mes desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.*

Pois ben, a convocatoria de marzo resolveuse aplicando os criterios fixados nese momento pola xunta directiva baseados na súa EDLP. A proposta incluía a creación dunha lista de reserva para aqueles proxectos nos que o crédito dispoñible no OE non era suficiente para atender a totalidade da axuda. Isto sucedía nos casos dos OE 1 e OE4.

A lista está vixente e nela mantense o proxecto GALP6-196 (OE1), tendo renunciado a entidade promotora GALP6-176 (OE4) a estar na lista e presentando nova solicitude na convocatoria de agosto para o mesmo proxecto co código GALP6-223.

A xunta directiva modificou os criterios na proposta de concesión de axudas da convocatoria de 3 de agosto. O cambio ten como efectos, entre outros :

A inclusión dun proxecto que atende ao OE4 co que se compensaba de acordo cos criterios aprobados na convocatoria de marzo, a sobreexecución do OE2.

A proposta de concesión de axudas a proxectos nos que o crédito dispoñible non é suficiente para atender a totalidade de axuda de acordo co correspondente segundo os criterios de valoración.

A compensación da sobreexecución do OE2 co OE1 minorando a posibilidade de acadar a execución total neste.

Acadar ao límite de execución do plan financeiro da EDLP do GALP.

Alterar a concurrencia incluíndo un proxecto de outra convocatoria.

Á vista do exposto, pode concluírse que os novos criterios utilizados non permiten asegurar a obxectividade, transparencia e non discriminación no procedemento de selección.



Como consecuencia da nova proposta o importe dispoñible na lista de reserva desaparece o que pode danar os intereses dos integrantes desta.

Sen embargo, nin foron publicados con anterioridade nin se deu traslado aos posibles afectados para que presentaran as alegacións que procederan en dereito.

2.- En relación ás valoracións dos proxectos propostos:

A valoración do proxecto EL ENCANTO DE XARAS pasa de 48 puntos na proposta da convocatoria de marzo a 58 puntos na proposta actual. Revisada a documentación do proxecto non existen variacións no mesmo que permitan entender o cambio que supón a adjudicación de 10 puntos ao criterio de incidencia ambiental nesta nova revisión tendo en conta a valoración anterior e o criterio utilizado para valorar a incidencia ambiental en outros proxectos de tipoloxía similar na convocatoria de marzo.

Este incremento da valoración é determinante para que o proxecto sexa incluído na proposta utilizando xa que coa puntuación anterior quedaría excluído.

A valoración do proxecto DESCUBRINDO A XUNQUEIRA DE ALBA pasa de 64 puntos na proposta da convocatoria de marzo a 69 puntos na proposta actual. Revisada a documentación do proxecto non existen variacións no mesmo que permitan entender a adjudicación de 5 puntos ao criterio de novas tecnoloxías xa que con anterioridade non se tiña valorado o uso de drons que é o que se ten agora en conta para adjudicar os 5 puntos.

3.- En relación á valoración do proxecto GALP-196 presentado ao abeiro da orde de 31 de xaneiro de 2019

De acordo co artigo 23 relativo á fase de instrución, os proxectos terán que baremarse e priorizarse para cada convocatoria non procedendo incorporar proxectos de convocatorias distintas nin por suposto solicitudes con distintas ordes de bases reguladoras polo que non procede a valoración de este proxecto en concorrencia cos presentados ao abeiro da orde de 3 de agosto de 2021.

A proposta de concesión de axuda aos proxectos incluídos en lista de reserva debe facerse de acordo co establecido no artigo 25.7 da orde de 31 de xaneiro de 2019:

Establecerase unha listaxe de reserva con aqueles proxectos incluídos na proposta de resolución definitiva dos GALP que non poidan recibir axuda por falta de crédito, que será utilizada de non esgotarse o crédito dispoñible ou de resultar incrementado este posteriormente en virtude de renuncias, de modificación de resolucións de outorgamento



ou de dotacións orzamentarias adicionais ata o día que termina o prazo de presentación das solicitudes da seguinte fase.

Tendo en conta a repercusión das incidencias detectadas na transparencia e obxectividade do procedemento,

DEVOLVESE a proposta para a súa corrección e emenda.

En consecuencia, REQUÍRESELLE para que de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emende as deficiencias que se citan e achegue proposta definitiva de concesión de axudas conforme a dereito no prazo de 10 días.

O GALP solicitará ao equipo técnico a revisión das avaliacións dos proxectos afectados e a nova emisión de informes e ou corrección dos existentes de ser necesario.

O GALP deberá con antelación suficiente á celebración da nova reunión da directiva:

1. Revisar os informes de avaliación e puntuacións asignadas aos proxectos desta convocatoria e as de todos os posibles afectados polas modificacións nas valoracións de convocatorias anteriores.
2. Dar traslado das propostas provisional e definitiva efectuadas ata a data a todos os promotores que puideran verse afectados polos cambios nos criterios.
3. Dar prazo aos promotores afectados para a presentación das alegacións oportunas.

A xefa do servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca
(asinado dixitalmente)

